

**INSTRUCCIÓN PARA A TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE OCUPACIÓN
DA VÍA PÚBLICA, PARA FOOD TRUCKS, CO GALLO DAS FESTAS DO
BANQUETE DE CONXO 2022**

1.- Obxecto: as presentes instrución teñen por obxecto facilitar aos interesados a tramitación dos procedementos de autorización de ocupación da vía pública, para a instalación de diferentes postos foodtruck, na zona de aparcamento da rúa Ramón Baltar, co gallo da celebración o día 22 de maio, deste ano, das festas do Banquete de Conxo.

Tendo en conta o espazo de ocupación, soamente será posible a instalación dun máximo de vinte postos, que serán autorizados respectando a orde de presentación no rexistro.

2.-A ocupación se levará a cabo, nos días e horas que se fan constar, de seguido:

- Domingo día 22 de maio : dende as 12:00 ás 21:00 horas.

Os vehículos poderán acceder á zona do Espazo Food Trucks para labores de descarga de material e montaxe en horario de 09:00 ás 11:00 horas, debendo ser retirados inmediatamente feita a descarga de material.

3.- Poderán presentar solicitude de participación no Espazo de Food Trucks 2022 da festa do Banquete de Conxo, as persoas físicas ou xurídicas que acrediten o desenvolvemento dunha actividade de restauración en vehículos de tracción mecánica, servizos de restauración e venda de comida (preferentemente comida tradicional galega) e bebida.

4.- As instancias solicitando a autorización de ocupación do espazo público, para a instalación de food trucks co gallo da Festa do Banquete de Conxo serán presentadas a través do Rexistro Electrónico do Concello ou de xeito presencial, con cita previa; segundas determinación contidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O procedemento de solicitude realizarase no modelo MO003 AUTORIZACIÓN DA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA PARA ACTIVIDADES VARIAS (<https://cutt.ly/eGNqgns>), aportando debidamente cubertas e asinadas as declaracións responsables de danos, de actividades recreativas e de instalación de estruturas móbiles desmontables.

As solicitudes deberán presentarse coa suficiente antelación para poder levar a cabo a tramitación da autorización, polo que o prazo máximo en que serán admitidas será o día 18 de maio de 2022.

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación; ademais do modelo MO003 e das declaracións responsables, debidamente cumprimentadas:

- Xustificante da Autoliquidación das taxas correspondentes, segundas determinacións da Ordenanza Fiscal 3.24, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal. A cuota tributaria correspondente, por cada posto ou Food Trucks, será:
 - Ata 6 m 21,26 €/m²
 - De 6 a 10 m 22,46 €/m²
 - Máis de 10 m 23,65 €/m²
- Documento de identidade do representante, de ser o caso.
- Carne de Manipulador de Alimentos.
- Contar co correspondente seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados do desenvolvemento da súa actividade así como os posibles danos a terceiros e danos estruturais.
- Documentación técnica do vehículo, certificado do mercado CE do vehículo e tarxeta ITV.
- Características e condicións das conexións eléctricas de cada vehículo.

5.- O concello facilitará o abastecemento de auga e luz, que se realizará nos lugares establecidos a tal fin pola organización. Para facilitar a toma de corrente e o subministro de auga, os interesados autorizados deberán dispoñer dun cable alargadeira para conectarse o punto de luz, cunha lonxitude mínima de 10 m e unha manguera de auga.

A actividade deberá desenvolverse nos termos esixidos pola Lei de Comercio de Galicia, coas garantías que a mesma establece para os usuarios e consumidores, ase dispoñerase a correspondente lista de presos, folla de reclamación, carteis informativos, como o da prohibición de venda de alcohol a menores de idade, etc.

6.- Os interesados autorizados deberán respectar as condicións que se fagan constar na autorización.